




COSTA DE CAMBADOS De Tragobe a Espiñeiro

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018



Distancia: 8 km (lineal)

Dificultade: baixa



O Marco



O Mourillón



Praia de Suasrosas

O concello de Cambados atópase, na súa maior parte, no esteiro do Umia, á beira da ría de Arousa. Ten unha costa abrigada e recortada que alterna areais, rochedos, pequenas praias e esteiros; de augas calmas e de pouca profundidade e grandes áreas que quedan en seco coa marea baixa, que acollen ricos bancos marisqueiros. Está protexida, en parte no LIC/ZEC "Ons-O Grove", e nas ZEPAS "Espazo Mariño das Rías Baixas" e "Complexo intermareal Umia-O Grove..."



Vista aérea da costa de Tragobe e Cambados

PERCORRIDO

Tomamos como punto de partida **Tragobe** (Corvillón) a onde se accede pola estrada de Cambados a Vilagarcía, collendo o desvío no Ribeiro ata o final. Alí comeza a costa do concello de Cambados (**O Marco**), nunha área ocupada por depuradoras de mariscos. Seguindo pola beira do mar pasamos pola praia das **Suasrosas** e chegamos ao **porto**, desde onde podemos contemplar as vistas, as instalacións e as actividades (se coíncide a hora podemos visitar a lonxa ou ver o traballo das redeiras). Na saída do porto collemos unha estrada que, por entre unha naves, vai cara ao interior e, a uns 750 m, un desvío á dereita que nos leva ata a beira do estanque do **muíño de marea da Seca**. No caso de estar a marea baixa pódese tentar seguir pola beira da costa. Despois de ver o muíño cruzamos o dique e chegamos á zona deportiva do Pombal, desde onde arranca o paseo que percorre todo o litoral de Cambados pasando pola beira do **saco de Fefiñáns**, a **Ribeira de Fefiñáns**, **A Calzada**, o antigo **porto de Cambados**, **San Tomé** -onde podemos ver o porto e o núcleo mariñeiro, a illa coa **Torre de San Sadurniño** e o **areal do Serrido**; e rematamos na **Ribeira de Mouta**. Aquí podemos finalizar o roteiro ou continuar por camiños ata **Mar de Frades** e a **punta de Espiñeiro**, no linde co esteiro do **río Umia**. O camiño de volta pódese facer polo mesmo roteiro ou polas estradas e rúas da Vila, aproveitando para visitar parte do casco histórico.



Porto de Tragobe. O porto principal e a lonxa de Cambados.



Punta de Tragobe



5-Porto de Tragove. A Seca. Saco de Fefiñáns



A Seca ou Saco de Fefiñáns coa marea baixa e alta



Muíño de marea da Seca.
Situado no esteiro do río da Ucha en Corvillón (Cambados). Construído no século XVII polos señores do Pazo de Fefiñáns. Ten catro moas.
Na actualidade está convertido en museo. Para visitalo hai que poñerse en contacto co concello.



A Morosa, un pequeno illote na Seca



Ribeira de Fefiñáns cos cons da Empregadoira.



Vista aérea da costa de Tragove e Cambados



As Mos



Porto de Cambados. As Mos.



O paseo marítimo
na zona dos xardíns da Calzada



Antigo peirao de Cambados



Porto de San Tomé co barrio mariñeiro.



Illa de San Sadurniño e areal do Serrido.

A Torre de San Sadurniño formaba parte, xunto coas da Lanzada e Catoira, dun sistema defensivo construído no século X para defender a Ría de Arousa dos ataques normandos




Areal do Serrido

O tramo final do esteiro do Umia é un inmenso areal que queda ao descuberto ao debalar o mar. Un fermoso lugar para dar un longo paseo e gozar da singularidade da contorna, da experiencia de ver o traballo das mariscadoras e da observación de diferentes especies de limícolas, anátidas, corvos mariños, garzas e gaivotas, especialmente nos pasos migratorios de outono e primavera. Ademais da flora e fauna propias dos espazos intermareais. Este espazo está incluído no LIC "Ons O Grove" e protexido como ZEPA e Humidal Ramsar.

Tendo como punto de partida e referencia visual a torre de San Sadurniño, pódense facer quilómetros, camiñando sen rumbo fixo, ata as proximidades da illa da Toxa, da que nos separa unha canle non moi ampla, pero de forte corrente, perigosa; ao río Umia, no que podemos darnos un baño, e os sebaís da Illeira.

Pódese facer unha ruta guiada polas mariscadoras da asociación [Guimatur](#) para coñecer máis de preto o seu traballo e as especies que capturan.





Paseo marítimo en San Tomé



Ribeira de Mouta



Mar de Frades



Prado do Mar. A Marca, na punta de mar de Frades



Vista aérea ds puntas de Mar de Frades e Españeiro, as Illeiras e o esteiro do Umia



Punta de Españeiro



Gabitas no Serrido